# 10.000 calcomanías con mensaxes en galego

## O Clube da Lingua participa nun proxecto para promocionar o idioma entre a xente máis nova

**REDACCIÓN** ▪ Vila de Cruces





**Dúas das dez tatuaxes que terán versión en calcomanía.**

En cursos anteriores o Clube da Lingua, do instituto Marco do Camballón, desenvolveu o proxecto *Tattoos da Galiza*, co que puido recoller máis de medio milleiro de fotografías de tatuaxes de Galicia, en galego ou de temática galega. Esta proposta educativa materializouse máis tarde nun libro, editado grazas a un micromecenazgo.

E agora, a idea dá un paso máis. O Clube da Lingua, xunto ao proxecto educativo Semente de Compostela e o local social A Gentalha do Pichel, pón en marcha *Tattoos da Galiza: 10.000 decalcomanías para a infancia e a xuventude.* A intención é distribuir entre a xente máis nova 10.000 calcomanías de 10 modelos de tatuaxes que recollan a historia de Galicia. A mediados de decembro, membros das tres entidades mantiveron unha reunión para escoller os dez deseños que se transformarán en calcomanías, trala revisión dun deseñador gráfico. Os seleccionados son un petrógligo, unha *caetra galaica* (é un escudo prerromano); a bandeira sueva; a ferreña dunha pandeireta; un toxo; o escudo coa serea que deseñou Castelao; un polbo cunha gaita (que elaborarán os estudantes do instituto); o cartel a favor do estatuto de autonomía de 1936 que realizou Camilo Díaz Baliño; un mapa de Galicia coa bandeira galega da estrela e, por último, a icónica boca que identifica aos Rolling Stones, pero coa bandeira galega na lingua. Con esta actividades quérese demostrar aos estudantes máis novos a importancia da comunicación visual edsde unha perspectiva galega, ao mesmo tempo que coñecen a nosa historia.

### Lalín adjudica la limpieza de los colegios por 157.110 euros a tres empresas

El Concello de Lalín adjudicó el servicio de limpieza de los centros educativos del municipio, que salió a concurso recientemente con un presupuesto base de licitación de 183.622 euros. El primer lote, destinado a los centros del entorno rural, se adjudicó a la empresa ITMA por 61.367 euros. La firma Pulmar Deza se encargará del paquete de colegios del entorno urbano por 70.000 euros, así como de las tareas de limpieza de las escuelas infantiles por otros 25.743 euros.

### La cooperativa O Rodo ofrece un curso de incorporación a la empresa agraria

La cooperativa O Rodo, ubicada en el municipio de Rodeiro, organiza un curso de incorporación a la empresa agraria, que se impartirá de manera inmediata siempre que haya un grupo mínimo para poder hacerlo. Los interesados en asistir deberán ponerse cuanto antes en contacto con responsables de esta agrupación, que animan a los trescientos socios, responsables de cerca de doscientas explotaciones de producción de leche, a formarse en estas cuestiones para emprender nuevos proyectos.

